Fatsia japonica (Thunb.) Decne. & Planch., 1854

- aralia
- aralia, fatsia
- japoniar fatsa
- aràlia del japó
- Japanese aralia
- arália japonesa



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Apiales**	**Araliaceae**	***Fatsia***

ORIXE

Sur do Xapón, sur de Corea do Sur e Taiwán.

CARACTERÍSTICAS

Arbusto que medra ata 2 m en interior e 4 metros no exterior, cun porte denso e redondeado. Follas grandes (ata 40 cm), dun verde escuro brillante, con 7-9 lóbulos profundos e bordos dentados, parecidas a unha man. Acios de pequenas flores branco-crema no outono, seguidas de froitos negros decorativos no inverno (tóxicos para humanos).

HÁBITAT

Bosques costeiros húmidos e sombreados. Crecendo baixo a protección de árbores máis grandes, preferindo a semisombra e unha humidade constante do solo, aínda que é moi adaptable e se cultiva globalmente en xardíns e patios interiores.

DISTRIBUCIÓN

O Xapón, Corea do Sur, Taiwán, Gran Bretaña, Nova Zelandia e A China.

CURIOSIDADES

Demostrouse que, cultivada como planta de interior, é eficaz para eliminar o gas formaldehido do aire, contribuíndo a mellorar a calidade do ambiente interior.